



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2025-8

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

23 de Abril de 2025

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

08:30

Hora de Finalización

08:42

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

LUCIA GIL CID  
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

### MEMBROS AUSENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 09.04.2025 (ACTA 2025/7)

A acta apróbbase por unanimidade.

### 2º. RESOLUCION DO 28 DE MARZO DE 2025 DE AUGAS DE GALICIA, POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, PARA A EXECUCION DE ACTUACIONS PARA REDUCIR AS INFILTRACIONS NAS REDES DE SANEAMENTO MUNICIPAIS, EN 2025 (AU300D)

O Sr. Alcalde pasa a dar conta da **Resolución de Augas de Galicia do 28 de marzo de 2025** pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de **subvencións** aos concellos, en réxime de concorrencia non competitiva, para a execución de **actuacións** para reducir as **infiltracións nas redes de saneamento** municipais en concellos de Galicia, e se convocan para o ano **2025 (AU300D)**

Seguidamente, dáse conta da Memoria de **"Melloras para reducir as infiltracións nas redes de saneamento do Concello de Castrelo do Val"** que elaborou **Aquaourense, SPAMA, S.A.** cun **orzamento** de 39.890,79 euros + 8.377,07 euros de IVE; o que representa un **total de 48.267,86 euros IVE incluído.**





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,  
**ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar a memoria da actuación para a que se solicita subvención, a saber: **“Melloras para reducir as infiltracións nas redes de saneamento do Concello de Castrelo do Val”**, de acordo co seguinte:

Documento técnico: Memoria.

Autor: **Aquaourense, SPAMA, S.A.**

Data: 23/04/2025.

Orzamento **48.267,86 euros**

**SEGUNDO.** Solicitar á **Augas de Galicia**, unha subvención, ao abeiro da Resolución de referencia, para a realización de ditas actuacións e **aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.**

**TERCEIRO.** Declarar que o Concello **está en disposición de executar as actuacións** contempladas no dcum,ento técnico que se aproba e atópase en posesión das autorizacións e permisos necesarios.

**CUARTO.** Comprometerse a realizar a achega municipal necesaria. O Concello comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente execución das actuacións. Para este efecto, habilitará as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario-interventor.

**QUINTO.** Facultar de xeito expreso ao Alcalde, Vicente Gómez García, para a sinatura de toda a documentación precisa.

### **3º. RECURSO DE REPOSICION DE DONA JULIA MARIA DEL CARMEN LOPEZ CABIDO, CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30/12/2024 SOBRE CONDONACION DE DEBEDAS COA FACENDA DO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL.**

A seguir, dase conta dun escrito de data 15.02.2025 (NRE 2025-ERC-84, de 19.02.2025) de Dna. Julia María del Carmen López Cabido, de interposición de **recurso de reposición** contra o **acordo desta Xunta de Goberno Local** do pasado mes de decembro de 2024, no que se acordaba desestimar a petición da recurrente de condonación de débedas polos concepto de IBI, IVTM, Taxa de recollida de lixo e Taxa polo abastecemento domiciliario de auga do Concello de Castrelo do Val; que ata a data do escrito ascendían ao importe de 2.624,16 euros por exoneración xudicial acordada polo Xulgado de Primeira Instancia Nº 4 de Ourense.

O recurso interposto fundamentase, en síntese, en que pese a non ter sido citado o Concello ao procedemento concursal (xa que non é obrigatorio facelo aos acreedores de menos do 5% do pasivo), foi sen embargo parte do mesmo e, xa que logo, a sentenza aféctalle e **procede a exoneración** da débeda da agora recurrente.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Oído o informe de Secretaría sobre a fundamentación do recurso interposto e ao considerar que efectivamente a razón asiste á recurrente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Estimar o **recurso de reposición** interposto por Dna. Julia María del Carmen López Cabido contra o **acordo desta Xunta de Goberno Local** do pasado mes de **decembro de 2024**; e na súa consecuencia, estimar a petición da recurrente de **condonación de débedas** polos concepto de IBI, IVTM, Taxa de recollida de lixo e Taxa polo abastecemento domiciliario de auga do Concello de Castrelo do Val; que ata a data do escrito ascendían ao **importe de 2.624,16 euros por exoneración xudicial** acordada polo **Xulgado de Primeira Instancia Nº 4 de Ourense**.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo á interesada, así como ao Servizo de Recadación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, aos efectos legalmente establecidos.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

